



FAQ Novo Pasaporte Fitosanitario

1. Cando debo poñer o novo Pasaporte Fitosanitario

O novo pasaporte fitosanitario debe expedirse a partir do 14 de decembro de 2019. A partir desa data cada nova planta que se expida deberá de levar o pasaporte co novo formato.

En todo caso, cando se faga a declaración de superficies anual deberá de pedirse autorización para a expedición do pasaporte co novo formato.

2. Temos que cambiar o pasaporte fitosanitario vello nas plantas expedidas antes do 14 de decembro de 2019?

Non, sigue sendo válido ata o 14 de decembro de 2023.

3. Como é o formato do novo pasaporte fitosanitario?

Existen 4 formatos:

- A. Pasaporte normal
- B. Pasaporte para zonas protexidas (PZ-Protected Zone)
- C. Pasaporte normal combinado con etiqueta de certificación
- D. Pasaporte para zonas protexidas combinado con etiqueta de certificación

Pode consultar os formatos na páxina web da CMR.

En todos eles a parte común e de ter na cabeceira a bandeira da UE e a palabra «Plant Passport» ou «Plant Passport – PZ»

4. Pódese facer un único pasaporte que inclúa a información da etiqueta de certificación? Así non tería que facer dúas etiquetas...

Si, os modelos C e D se refire ao pasaporte normal combinado con etiqueta de certificación. Pode ver un exemplo na páxina web.

5. Cando debo utilizar os pasaportes do modelo B (Pasaporte para zonas protexidas) ou D (Pasaporte para zonas protexidas combinado con etiqueta de certificación).

Cando vaise enviar material vexetal que require pasaporte a zonas protexidas da UE.

6. Que son a s zonas protexidas da UE?

Son zonas que están declaradas como protexidas para a entrada de determinados organismos patóxenos das plantas.

Por exemplo, Galicia é unha zona protexida de *Erwinia amylovora*, por eso todos os plantóns de mazaira ou pereira que entren de fóra de Galicia ou que circulen dentro, deben de levar un pasaporte fitosanitario co modelo B ou D, que teñen a frase «Plant Passport – PZ».



As zonas protexidas poden consultarse no **REGLAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2018/791 DA COMISIÓN.**

No pasaporte de zonas protexidas PZ hai que indicar os organismos nocivos correspondentes a esa zona protexida, podendo poñer os nomes científicos ou mellor, os códigos correspondentes que figuran no Anexo do Regulamento citado.

Por exemplo, continuando con *Erwinia amylovora*, sería o código **b)2** que se deberá poñer en todos os envíos de especies vexetais sensibles a ese organismo nocivo -como son as froiteiras e as ornamentais do grupo rosáceas- que se poñan en circulación dentro da Zona Protexida ou que se envíen a Zonas Protexidas.

7. Que material vexetal debe de levar o pasaporte.

Todas as plantas destinadas a plantación e algúns tipos de sementes, e en determinados casos, outros produtos como madeiras.

8. Quen expide o pasaporte fitosanitario?

En Galicia se autoriza ás empresas dadas de alta no ROPCIV que emitan o pasaporte fitosanitario. Para elo, a empresa dada de alta no ROPCIV deberá de solicitar a autorización para a emisión de pasaporte (existe un modelo que se pode descargar na páxina WEB) e remitir o modelo de pasaporte que se vai a emitir.

9. Un garden debe de pedir a autorización para expedir pasaporte fitosanitario?

Un garden debe de estar dado de alta no ROPCIV pero se NON modifica as unidades comerciais non necesita solicitar pasaporte.

10. Onde debo poñer o pasaporte fitosanitario?

Débese de poñer na unidade comercial. A unidade comercial e o conxunto de plantas ou sementes que teñen as mesmas características e van a un mesmo destinatario, polo tanto pode ter distintas formas segundo o caso.

Por exemplo, se o que se venden son plantóns de árbores ou plantas individuais deberán estar como unha etiqueta colgada da arbore ou na maceta. Se se trata dun grupo de plantas que van en bandexas ou empaquetadas xuntas pódese poñer unha única etiqueta na envoltura pegada á envoltura do paquete.

11. Podo poñer o pasaporte no albarán ou factura?

Non, o pasaporte sempre se debe de poñer na unidade comercial (ou sexa, na planta, o lote, o faz, etc). No albarán ou factura pódese facer referencia ao pasaporte, pero este debe de estar xunto á unidade comercial.

12. Podo poñer outra información xunto ao pasaporte na etiqueta?

Si, pero a información do pasaporte debe de estar claramente diferenciada dentro da etiqueta. Isto pódese facer poñendo nun cadro os datos do PF ou separándoos do restos da información que vai na etiqueta.